

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MANCOMUNIDADE DO SALNÉS

Ordenanzas e Regulamentos

EXPOSICIÓN PÚBLICA DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA INSCRICIÓN EN PROBAS SELECTIVAS DE PERSOAL

De conformidade co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais, finalizado o período de exposición pública sen presentarse reclamación ningunha, enténdese definitivamente adoptado o acordo da Xunta da Mancomunidade de data 13.10.2022, de aprobación provisional da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola inscrición nas probas selectivas de persoal da Mancomunidade do Salnés, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 24/10/2022 (BOPPO nº 203), procedéndose segundo o disposto no artigo 17.4 do devandito texto legal, á publicación do acordo automaticamente elevado a definitivo.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA INSCRICIÓN EN PROBAS SELECTIVAS DE PERSOAL DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS

ARTIGO 1º.- Natureza e Fundamento

A presente ordenanza regula a taxa pola prestación da actividade de probas selectivas de persoal que organice esta Mancomunidade, establecida no exercicio da potestade tributaria prevista nos artigos 133.2 da Constitución, artigo 106 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local e nos artigos 20 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO 2º.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a actividade técnica e administrativa conducente á selección do persoal entre quen solicite participar nas correspondentes probas de acceso ou de promoción aos corpos ou escalas de funcionarios, de carreira ou interinos, no seu caso, ou ás diferentes categorías de persoal laboral fixo ou temporal convocadas por esta Mancomunidade.

ARTIGO 3º.- Suxeito pasivo

Será suxeito pasivo da taxa quen solicite a inscrición nas probas selectivas.

ARTIGO 4º.- Devengo

1. A taxa devéngase no momento en que se solicite a inscrición.



Mércores, 14 de decembro de 2022

Núm. 237

2. Dita solicitude de inscrición non se tramitará en tanto non se faga efectivo o importe da taxa, nos termos previstos no artigo 7º desta ordenanza.

ARTIGO 5º.- Tarifas e cota tributaria

A taxa esixirase de acordo coas seguintes tarifas:

IMPORTE

Grupo A1, A2 e asimilados 40,00 €

Grupo C1, C2 e asimilados 30,00 €

Agrupacións profesionais e asimilados 20,00 €

ARTIGO 6º.- Exencións e bonificacións

Non se aplicarán exencións ou bonificacións, salvo as que veñan establecidas en normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 7º.- Normas de xestión

1. A taxa xestionarase en réxime de autoliquidación.
2. No momento de presentar a procedente solicitude de inscrición nas probas selectivas, os interesados deberán achegar o xustificante bancario do ingreso da cota que corresponda, de acordo co artigo 5º.
3. Non será tramitada ningunha solicitude de inscrición para participar nas probas selectivas que non tivera acreditado o pago da taxa.
4. Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo non se realice a actividade que constitúe o feito impoñible da taxa, procederá a devolución do importe correspondente.

ARTIGO 8º.- Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

En Cambados, á data da sinatura electrónica.

A presidenta — Marta Giráldez Barral.

